



NA NOSA CASIÑA...

...TRABALLANDO CON

MONTESSORI



# O MÉTODO MONTESSORI

Esta metodoloxía foi desenvolvida por **Maria Montessori** a partir das súas experiencias con nenos/as en risco social; para logo, extendela ao resto dos nenos/as.

Este método permite que o neno/a sexa o **protagonista** da súa propia aprendizaxe dándolle **liberdade** para experimentar, manipular, sentir...

O **papel do adulto** é o de **observador** e de **guía**. Axuda e estimular ao neno/a. Permítelle actuar, querer facer e pensar por si mesmo.

Este método céntrase en desenvolver os seguintes campos de actuación:

## 1. A vida práctica. Dentro da cal estaría:

- **Tomar conciencia de un mesmo.** A través de **actividades** como poden ser: vestirse, recoller a roupa, abotoar, limpar os zapatos, asearse...
- **Tomar conciencia do entorno.** A través de **actividades** como poden ser: limpar cristais, limpar o po, coidar unha pranta, escoller os garfos, facer a colada, tender a roupa, facer un ramo de flores...
- **Na cociña.** A través de **actividades** como por exemplo: cortar, untar, pelar, lavar os pratos, facer masa, pan...
- **Outras actividades:** transvasar con culler, pinzas ou esponxas; pescar pequenos obxectos na auga...

## 2. A educación dos sentidos. A través de **actividades** de clasificación, cores, tocar materiais, aprender a escoitar, actividades de adiviñar alimentos polo olfacto e gusto, o saco misterioso para adiviñar obxectos empregando o tacto...

3. O traballo da man. A través de **actividades** como: ensartar, abrir e pechar botes, puzzles, abrir pechaduras, transvasar con pinzas, enroscar e desenroscar, recortar...
4. A linguaxe. A través dos primeiros trazos, cartas para asociar palabras con obxectos, contos, xogos dos sons...
5. As matemáticas. A través de **actividades** como: pesar, asociar os números ás cantidades, medir... (hai moito material montessori específico a vender para o traballo das matemáticas pero é custoso).
6. A creatividade. A través de **actividades** como: unha obra colectiva, pintar, collage, modelar, simetrías...
7. A motricidade global. A través de **actividades** como: levar obxectos de un lado a outro, trepar, levar unha bandexa, bailes...
8. A natureza. A través de **actividades** como: plantar unha semente, observar o ceo, coidar os animais (se tedes), pasear, traballar no exterior recollendo follas, lavar o coche (difíciles de facer algunhas neste tempo de cuarentena)...

Ainda que o método Montessori foi un método pioneiro na súa época (finais do século XIX e principios do XX) e que na actualidade na maioría das escolas de infantil empregamos moitas **metodoloxías máis novedosas**, aínda atopamos algunhas das súas ideoloxías metodolóxicos como:

1. O desenvolvemento das capacidades dos nenos/as a través da **experimentación e observación**.
2. A aprendizaxe **activa** por parte do neno.
3. Seguir un **aprendizaxe individualizado** segundo os ritmos, intereses e actitudes dos nenos/as.

#### 4. Propiciar benestar ao neno/a a través das relacións familia-escola.

Como pega a este método dicir que empréganse materiais específicos que comprados son moi custosos e hai que botarlle imaxinación para buscar materiais alternativos e a poder ser de refugallo.

Nas nosas aulas de infantil sempre organizamos **recunchos** onde diseñamos en cada un deles unhas actividades onde os nenos/as acuden libremente e experimentan. No “**Recuncho dos Descubrimentos**”, os nenos/as atopan “**bandexas**” onde se lle presentan actividades para que os nenos/as experimenten, observen, pensen, manipulen cos seus sentidos... segundo os seus intereses e tamén o relacionado co que estamos traballando nese momento. Por todo isto, parécenos interesante e sería fantástico que na casa lles organicedes unhas bandexas seguindo a metodoloxía de Montessori.



## PROPOSTA DE ACTIVIDADE

### AS BANDEXAS DE ACTIVIDADES SORPRESA

A idea é que cada día, durante unha semana ou cando consideredes oportuno, presentedes aos nenos dúas bandexas con

dúas propostas de actividades. Dándolle a **liberdade** aos nenos/as de elixir por cal das actividades quere comezar. O adulto terá que explicarlle que debe facer ao neno/a e logo deixarlle experimentar e manipular, deixandolle facer e **aprender por si mesmo**.

## 1º DÍA, LUNS:



### EMPARELLAR CALCETÍNS.

Nesta actividade teñen que buscar as parellas e meter un dentro do outro. Despois, poden ordenalos de menor a maior; contar as parellas, clasificar os calcetins pola súa cor...

### PELAR E CORTAR.

Nesta actividade podeades empregar outras hortalizas ou froitas. Aquí, os nenos e nenas teñen que pelar o calabacín, neste caso, e despois cortalo co coitelo (con supervisión).

## 2º DÍA, MARTES.



### RECORTAR.

Nunhas tiras facer listas, liñas en zic-zac, ondas... Os nenos e nenas teñen que recortar pola liña. Para ampliar a actividade podedes darlles un folio e cos trozos recortados poden facer un collage, empregando pegamento para pegar os papeliños. OUTRA FORMA DE FACER UN COLLAGE (premer).

### CLASIFICACIÓN CON PALILLOS.

Aquí podedes empregar botóns. Os nenos e nenas teñen que clasificar as fichas o botóns polas súas cores e para collelos empregarán palillos ou pinzas.

Outra variante pode ser tirando o dado e coller tantas fichas ou botóns dunha cor determinada como sinala o dado.

Tamén se pode pór un número determinado na cunca do medio e os nenos/as teñen que coller o número de fichas ou botóns que se lles indica e despois o número de fichas ou botóns que teñen que ir na cunca anterior e posterior (esta actividade a partir de 5anos).

## 3º DÍA, MÉRCORES.



### ENSERTAR POLOS BURACOS.

Nesta actividade teñen que meter as pallas polos buracos. É unha actividade moi boa para favorecer a **motricidade fina** e a **coordinación óculo-manual** dos cativos. Tamén serve un escorredor de verduras ou unha caixa con buracos. Se metedes un xoguete pequeno dentro, cando esten as pallas nos buracos, os nenos/as poden intentar coller o xoguete cunhas pinzas.

### SERIES E GRAFO.

Nesta actividade hai que debuxar en follas diferentes formas como bucles, ondas, espirais... os nenos e nenas poden repasalas primeiro coa man e despois con rotuladores ou pinturas (co que teñades a man). Logo, farán series cos botóns, por exemplo, seguindo unhas determinadas cores ou por tamaños...

### GRAFO DIVERTIDA (premer)

## 4º DÍA, XOVES.



### TRAZOS.

Nesta actividade os nenos/as poden facer os trazos de letras dadas, escribir o seu nome... Aos maiores podeades dictarlles os sons das letras, palabriñas... e que eles/as as escriban.

No caso dos números poden tirar un dado e escribir o número que lle salga. Pódense facer os moldes dos números con cartón ou tamén pódense escribir os números nunha folla e ao tirar o dado o neno/a sinalará o número escrito e logo realizará o trazo correspondente.

## 5º DÍA, VENRES.



## LIMPAMOS OS NOSOS ZAPATOS.

O que hai que facer en primeiro lugar é explicarlles de forma sinxela como teñen que facer para limpar os zapatos e despois deixarlle a eles/as (baixo supervisión se son moi pequenos).

## AFIAR.

Nesta actividade teñen que afiar pinturas e ir gardándoas nunha bolsiña. Cando teñades moitas poden empregalas nunha obra artística ou tamén facer novas pinturas con elas... CORAZÓNS CON VIRUTAS DE CORES (premer).



*Esperamos que estas propostas foran do voso agrado. En internet podedes atopar moitísimas actividades que seguen a metodoloxía Montessori. Se algunha das bandexas propostas non vos convence podedes deseñar unha que de seguro será fantástica ou buscar algunha alternativa en internet. ANIMÁDEVOS!*

